



BASES QUE REXIRÁN A CONVOCATORIA PARA AXUDAS DE APOIO Á INFANCIA COMPLEMENTARIAS ÁS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA, SUBVENCIONADAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Primeira. Obxecto e natureza.

O programa de AXUDAS DE APOIO Á INFANCIA dentro das AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA, pretende financiar **no ano 2015**, as demandas de urxente e puntual necesidade dos cidadáns do concello, que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención a aquelas persoas con menores ao seu cargo que se atopen nesa situación.

Os servizos sociais comunitarios municipais do concello de Baiona, como Concello de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, solicitou á Deputación de Pontevedra unha axuda **8.000€** para levar a cabo o programa de AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA, sendo concedida a devandita axuda mediante acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de data 10/04/2015.

Segunda. Destinatarios da convocatoria.

Persoas cunha precariedade económica grave, contrastada polo departamento de Servizos Sociais, e familias usuarias de servizos sociais, pola súa problemática social contrastada.

Terceira. Contía das axudas

Establécese unha contía máxima dispoñible para cada unidade de convivencia de 1.000€ importe que abrangue a suma de axudas parciais que puideran concederse. Así mesmo se terán en conta para esta limitación as posibles axudas xa resoltas por Resolución de Alcaldía de data 24 de xullo de 2015.

Dentro do orzamento municipal estas axudas incluíranse na partida de emerxencia social municipal: **231-48000** do Orzamento Xeral de 2015, no que existe consignación suficiente segundo certificado de retención de crédito nº 4092 y 6646 polo importe total de 6.200 €

Cuarta. Requisitos das persoas beneficiarias das axudas básicas de emerxencia:

- Persoas maiores de idade empadroadas no Concello de Baiona, con anterioridade á data desta convocatoria, que teñan xestionado a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais do Concello de Baiona no último ano (período comprendido entre xullo do 2014 e xullo do 2015) e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda.
- Que a suma dos valores catastrais dos inmobles da súa propiedade, de tódolos convivintes, excluindo a vivenda habitual, non exceda de 50.000€.
- Para poder solicitar estas axudas é preciso que os solicitantes non teñan débedas co Concello de Baiona.
- Non terán dereito á axuda aquelas persoas que no exercicio 2014 ou 2015 foran beneficiarias das axudas de emerxencia social, e non xustificaran debidamente a axuda percibida, de conformidade coas Bases reguladoras da convocatoria, e segundo a documentación que consta no departamento de servizos sociais.

Establécese un criterio económico que ten en conta os ingresos da familia en relación ao número de convivintes e as contías establecidas para a RISGA (que equivale ao 75% da contía do IPREM) e o salario mínimo interprofesional SMI. Tódolos requisitos económicos estarán baseados en datos referidos ao último ano (dende xullo de 2014 a xullo de 2015).

Daráselles prioridade a cubrir as necesidades das familias con menores, que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Terase en conta que as familias sexan ou foran receptoras de axudas sociais tipo RISGA, foran derivadas á ONG local para recibir alimentos, derivadas ao PGIS, ou ben estean incluídas no programa de educación familiar.

Para os efectos desta convocatoria computaranse como membros da unidade familiar, tódalas persoas que convivan no mesmo domicilio, sexa cal sexa a relación de parentesco.

Se valorarán ingresos e circunstancias familiares recollidas no Anexo II.

En calquera caso estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade percibidas por calquera outra Administración Pública ou privada, polo que non serán compatibles coas bolsas da Consellería de Educación: *(ORDE do 22 de maio de 2015) pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º*



de educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2015/16).

Estas axudas serán compatibles e complementarias coas axudas do Fondo solidario de libros de texto, (*cursos aos que afecta: 3º e 5º de educación primaria e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria*) sempre e cando non se utilicen para financiar libros que foran adxudicados polo Fondo solidario.

Quinta. Tipoloxía de axudas.

Axudas de apoio á infancia.- Axudas para facer fronte a gastos que posibiliten a continuidade do menor no seu medio familiar e no seu centro educativo público do Concello de Baiona, ou para casos de Educación Especial para centros da comarca do Val Miñor.

Estes gastos deberán incidir directamente na calidade de vida dos menores e ir acompañados do correspondente informe social que xustifique a súa necesidade.

Educación infantil.- Material escolar, fichas ou cadernos de traballo.- Axudas de ata 100€.

Educación primaria.- Libros. Axudas de ata 170€.

Educación secundaria.- Libros. Axudas de ata 200€.

Bacharelato.- Material escolar. Axudas de ata 100€.

Educación especial.- Material escolar, fichas ou cadernos de traballo.- Axudas de ata 200€.

Sexta. Documentación, forma e prazo de solicitude.

O formulario para solicitar a participación (ANEXO I) nesta convocatoria estará a disposición no departamento de servizos sociais do concello. No devandito ANEXO I deberase indicar a cantidade solicitada.

Este formulario, debidamente cuberto, deberá ser asinado por un membro responsable da unidade de convivencia.

Presentarase no departamento de servizos sociais do concello, en horario de 9:00 a 11:00 de luns a venres, xunto co orzamento dos gastos solicitados, facendo entrega a unha técnica de dito departamento xunto coa documentación que se precisará para valorar as circunstancias da unidade de convivencia recollidas no Anexo II, e que lle será requirida ao comprobar que non consta xa no expediente de servizos sociais. (documentación tipo: DNIs, acollemento familiar, xustificantes de ingresos da unidade de convivencia, número de conta, recibos de vivenda, situación de desemprego, discapacidade ou dependencia...)

O prazo de presentación de solicitudes será de **30 días naturais** contados a partir do seguinte á publicación das presentes bases na páxina web do Concello de Baiona: www.baiona.org unha vez sexan aprobadas por Decreto de Alcaldía.

Dende Servizos Sociais e de Intervención consultarase o Padrón municipal para comprobar a convivencia efectiva no Padrón dos membros da unidade familiar. Asemade realizaranse as xestións oportunas dende o Concello para comprobar os inmoables dos que son titulares.

Sétima. Emenda de defectos.

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitava. Instrución e resolución.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle as técnicas do departamento de servizos sociais do Concello, que realizarán de oficio as actuacións que estimen necesarias para a determinación, ou coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, deberán elaborar un informe e proposta de resolución explicando e motivando a aplicación dos criterios de valoración, ANEXO II, e dos criterios de concesión establecidos na base terceira, que se elevará á Alcaldía para a súa aprobación definitiva e que será notificada aos solicitantes.

Transcorridos tres meses a partir do día seguinte ao que remate o prazo de presentación da solicitude sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

Novena. Pagamento e xustificación.

Unha vez notificadas as axudas polo Concello procederase ao seu pago integro aboándose directamente aos beneficiarios, ao número de conta sinalado na súa solicitude.

Unha vez recibidos os fondos, os beneficiarios, **nun prazo máximo de 7 días**, presentarán a documentación xustificativa: **facturas orixinais** ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da axuda concedida, documentos nos que se poña de relevo que os gastos que figuran nesa factura se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Nas citadas facturas deberá figurar “pagado” e o selo do establecemento correspondente. Non se admitirá tickets de supermercado, deberá presentarse obrigatoriedade



EXCMO. CONCELLO
DE **BAIONA**
(PONTEVEDRA)



factura do establecemento polo importe da compra, acompañada do ticket no que figure detallado o importe da compra.

No caso de que a contía da factura presentada non se axuste ao sinalado nas presentes bases e nas instrucións do departamento de servizos sociais, ou sexa inferior ó importe da axuda concedida e recibida, procederase ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

Unha vez rematado o curso 2015 – 2016, será obrigatorio para os beneficiarios que os libros adquiridos con estas axudas, sexan entregados no centro escolar, para que podan ser integrados no fondo de libros e podan beneficiar a outros menores nos seguintes cursos. O Concello terá en conta o incumprimento de esta medida en próximas convocatorias de axudas.

Décima. Financiamento.

A contía consignada para esta convocatoria ascende á contía de 1.021,06 € concedida pola Deputación de Pontevedra con cargo ás axudas básicas de emerxencia publicadas no BOP do 15 de xaneiro do 2015, e de 5.178,94€ procedentes do Orzamento municipal destinado a cubrir axudas de emerxencia do departamento de servizos sociais.

Undécima. Vixencia.

Esta convocatoria terá vixencia ata o 31 de decembro de 2015.

Duodécima. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria.

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases, e no establecido nas bases publicadas no BOP nº 9 do BOP do 15 de xaneiro de 2015.



Servizos Sociais **SOLICITUDE DE AXUDAS DE APOIO Á INFANCIA** **ANEXO I**
CONVOCATORIA COMPLEMENTARIA, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
(BOP 15 de xaneiro de 2015)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

-Nome e apelidos _____ DNI _____ Data de nacemento _____
Relación familiar _____ Enderezo familiar _____ Teléfono _____
A contía dos ingresos totais anuais no último ano (xullo 2014 - xullo 2015) foron de _____ €
e procederon de _____ Situación laboral actual _____

DATOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA (PERSOAS MAIORES DE IDADE)

-Nome e apelidos _____ DNI _____ Data de nacemento _____ Relación familiar _____
A contía dos ingresos totais anuais no último ano (xullo 2014 - xullo 2015) foron de _____ €
e procederon de _____ Situación laboral actual _____

DATOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA (PERSOAS MENORES DE IDADE)

-Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Colexio _____ Curso que realizará no período 2015-2016 _____
-Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Colexio _____ Curso que realizará no período 2015-2016 _____
-Nome e apelidos _____ Data de nacemento _____
Colexio _____ Curso que realizará no período 2015-2016 _____

OBSERVACIÓNS

Outros ingresos da unidade de convivencia: _____
A vivenda é alugada: non ___ si ___. Custe mensual do aluguer, ou da hipoteca, no último mes: _____
Teñen valores catastrais: non ___ si ___. A suma total dos valores catastrais é de: _____
Existen persoas cualificadas cun grao de minusvalía: non ___ si ___. O grao é de: _____
O menor é orfo ou orfa absoluto: non ___ si ___. Está acollidos legalmente: non ___ si ___.
A persoa principal da familia é desempregada: non ___ si ___. N° de desempregados na familia _____
A persoa principal da familia é pensionista: non ___ si ___.
A persoa principal da familia é viúvo/a ___, solteiro/a ___, separado/a ___, divorciado/a _____.

SOLICITA AXUDA PARA OS SEGUINTE CURSOS E COAS SEGUINTE CONTÍAS

Cursos, especificar:

_____ Educación infantil.-	Contía da axuda solicitada: _____ €.
_____ Educación primaria.-	Contía da axuda solicitada: _____ €.
_____ Educación secundaria.-	Contía da axuda solicitada: _____ €.
_____ Bacharelato.-	Contía da axuda solicitada: _____ €.
_____ Educación especial.-	Contía da axuda solicitada: _____ €.

- Declaro baixo xuramento que son certos tódolos datos que constan nesta solicitude.
- Declaro que non percibo outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade percibidas por calquera outra Administración Pública ou privada.
- Autorizo, ás técnicas do departamento de servizos sociais do concello de Baiona, á utilización destes datos con motivo e coa finalidade desta solicitude, así como á comprobación dos datos que figuran no expediente do departamento por anteriores xestións persoais ou familiares, conforme os artigos 5 e 6 da Lei orgánica, 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, así como, a requirirme a documentación que precise e a autorizar as visitas domiciliarias ou outras xestións se o consideraran preciso.
- Comprométome a conservar os libros e material recibido en bo estado para entregalo e incorporalo ao fondo de libros de texto ao finalizar o curso 2015 – 2016.

Baiona, a _____ de _____ de 2015.



Servizos Sociais **CRITERIOS DE VALORACIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA** **ANEXO II**
CONVOCATORIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
(BOP 15 de xaneiro de 2015)

A puntuación máxima a acadar polos solicitantes non excederá de 20 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

1.- Circunstancias persoais, familiares e/ou sociais que se xustifiquen debidamente.

	Puntuación
por cada menor de idade convivinte	1
por cada menor de idade convivinte orfo ou orfa absoluto	1
por situación de acollemento legal por cada menor	1
por cada persoa cualificada legalmente como minusválida cun grao igual ou superior ó 33%	1
por cada persoa cualificada legalmente como minusválida cun grao igual ou superior ó 65%	2
por situación de desemprego por cada persoa principal (pai, nai, titor ou titora) dos menores convivintes	2
por situación de pensionista de pensión mínima por cada persoa principal dos convivintes	2
por cargas familiares non compartidas (persoa principal viúvo ou viúva, solteiro ou solteira (sen convivencia)	1

2.- **Ingresos económicos.**- Tódolos requisitos económicos estarán baseados en datos referidos ao ano comprendido entre xullo de 2014 e xullo de 2015. Establécese un baremo económico que ten en conta os ingresos da familia en relación ao número de convivintes e as contías establecidas para a RISGA (que equivale ao 75% da contía do IPREM) e o salario mínimo interprofesional SMI.

Nº de membros da unidade de convivencia	Total de ingresos mes		Puntuación
1	Dende 0€	Ata 399,38 €	1
	399,39 €	480,02 €	0,80
	480,03 €	560,66 €	0,40
	560,67 €	641,30 €	0,20
	Mais de 641,31 €		0
2	Dende 0€	Ata 479,26 €	1
	479,27 €	576,02 €	0,80
	576,03 €	672,79 €	0,40
	672,80 €	769,56 €	0,20
	Mais de 769,57 €		0
3	Dende 0 €	Ata 570,31 €	1
	570,32 €	685,47 €	0,80
	685,48 €	800,62 €	0,40
	800,63 €	915,78 €	0,20
	Mais de 915,79 €		0
4	Dende 0 €	Ata 672,97 €	1
	672,98 €	808,85 €	0,80
	808,86 €	944,73 €	0,40
	944,74 €	1.080,62 €	0,20
	Mais de 1.080,63		0
5	Dende 0 €	Ata 787,38 €	1
	787,39 €	946,36 €	0,80
	946,37 €	1.105,34 €	0,40
	1.105,35 €	1.264,32 €	0,20
	Mais de 1.264,33		0
6	Dende 0 €	Ata 913,36 €	1
	913,37 €	1.097,78 €	0,80
	1.097,79 €	1.282,19 €	0,40
	1.282,20 €	1.466,61 €	0,20
	Mais de 1.466,62		0
7	Dende 0 €	Ata 1.050,36 €	1
	1.050,37 €	1.262,44 €	0,80
	1.262,45 €	1.474,52 €	0,40
	1.474,53 €	1.686,60 €	0,20
	Mais de 1.686,61		0

3.- **Precariedade da vivenda**, sempre que estea debidamente xustificado o importe mensual, o custe tanto de aluguer de vivenda ou pago de hipoteca.



por ter un pago mensual de aluguer ou de hipoteca inferior a:		
	200€ mes	1 punto
	250€ mes	0,90 puntos
	300€ mes	0,80 puntos
	350€ mes	0,70 puntos
	400€ mes	0,60 puntos
	425€ mes	0,50 puntos
	450€ mes	0,40 puntos
	475€ mes	0,30 puntos
	500€ mes	0,20 puntos
	525€ mes	0,10 puntos

4.-Por criterio profesional, debidamente xustificado poderá concederse ata 10 puntos; como poden ser os seguintes:

- por cubrir necesidades escolares das familias con menores, que se atopan en situación de exclusión social ou en risco de estalo,
- situación de violencia de xénero ou violencia doméstica,
- procura activa de emprego,
- evolución da familia dentro dos proxectos de intervención (RISGA, PEF),
- por considerar urxente o solicitado,
- calquera outro criterio técnico debidamente xustificado.

INFORMACIÓN SOBRE AS AXUDAS DA XUNTA CURSO 2015-2016

ORDE do 22 de maio de 2015 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2015/16.

- Educación primaria:
 - Familias monoparentais:
 - • Renda per cápita familiar ata 6.000,00 euros: 170 euros.
 - • Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros.
 - Resto das familias:
 - • Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 170 euros.
 - • Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros.
- Educación secundaria obrigatoria:
 - Familias monoparentais:
 - • Renda per cápita familiar ata 6.000,00 euros: 180 euros.
 - • Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 euros: 104 euros.
 - Resto das familias:
 - • Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 180 euros.
 - • Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 104 euros.

Fondo solidario de libros de texto: Ensinanzas e cursos aos que afecta: 3º e 5º de educación primaria e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria. Entregan libros que teñan nos colexios dos cursos anteriores.